



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

A PASTORIZA-CASTRO DE REI-COSPEITO.- REHABILITACIÓN DO FIRME DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-4401 "PASTORIZA (LU-122)-REIGOSA-MUIMENTA (LU-120)", p.k. 0+000 a 10+925 (EX006OB21AB)

EXPTE GTM: 2021/CON_02/000035

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 21 de maio de 2021. O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1503

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO MUNICIPAL 2021

Os efectos do disposto no artigo 161.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 2021, adoptou o acordo inicial de aprobación do orzamento para o exercicio 2021, e transcorrido o prazo de exposición pública, sin que se presentasen reclamacións contra o mesmo, considerase definitivamente aprobado.

O importe do mesmo, resumido por capítulos é o seguinte:

GASTOS

CAPITULO	IMPORTE
I: Gastos de Personal	1.706.060,75
II: Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	1.490.637,54
III: Gastos Financieros	10.000
IV: Transferencias Corrientes	40.866,47
VI: Inversiones Reales	479.114,37
VII: Transferencias de Capital	
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	420.122,20
TOTAL	4.146.801,33

INGRESOS

CAPITULO	IMPORTE
I: Impuestos Directos	1.487.200
II: Impuestos Indirectos	20.000
III: Tasas y Otros Ingresos	1.037.600
IV: Transferencias Corrientes	1.310.500
V: Ingresos Patrimoniales	5.600
VI: Enajenación de Inversiones Reales	
VII: Transferencias de Capital	285.901,33
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	
TOTAL	4.146.801,33

Asimesmo faise público o cadro de persoal do Concello:

A) Funcionarios de carreira: 20 PRAZAS

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR	SIT.	POSTOS EXISTENTES
1 Escala de Habilitación Estatal				
1.1 Subescala Secretaría-Intervención	1	A1/A2	O	- Secretaria-Inventora
2 Escala de Administración Xeral				
2.1 Subescala Administrativa	3	C1	1O2V	- Administrativo
2.2 Subescala Auxiliar	4	C2	4AT	- Auxiliar
3 Escala de Administración Especial				
3.1 Subescala Técnica.				
3.1.1 Técnicos Superiores:	2	A1	O AT	- Arquitecto/a - Axente Desenvolvemento Local
3.1.2 Técnicos Medios:	4	A2	AT O	- Enxeñeiro Téc. Agrícola/Forestal - Diplomado/a Escola Infantil (2 postos) - Traballadora Social
3.1.3 Técnicos Auxiliares:	3	C1	AT	Técnico Especialista Escola Infantil (3 postos)
3.2 Subescala de Servizos Especiais.				
3.2.3 Prazas de cometidos especiais:				
3.2.3.1 Técnico/a Cultura	1	A2	AT	Animador sociocultural
3.2.d Persoal de oficios:				
3.2.d.3 Oficial	1	C1	V	Oficial Augas-Fontaneiro
3.2.d.5 Operario	1	AP	V	Operario de Edificios

B) Persoal Laboral Fixo: 38

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR	SIT	POSTOS EXISTENTES
Técnico Informático	1	A2	AT	Técnico Informático
Auxiliar de Cultura	1	C2	AT	Auxiliar de Cultura
Capataz de Incendios	1	C2	AT	Capataz Forestal
Oficiales	3	C2	2AT/ 1V	Oficial Servizos Múltiples
	3	C2	AT	Oficial de Augas
	2	C2	AT	Oficial de mantemento edificios
	1	C1	V	Oficial de Augas
Cociñeiro/a	1	C2	AT	Cociñeiro/a
Auxiliar Puericultura	1	AP	AT	Auxiliar Puericultura
Auxiliar Axuda no Fogar	18	AP	AT	Auxiliar Axuda Fogar
Operarios	1	AP	AT	Operario augas
	2	AP	AT	Operario servizos multiples
Conserxe	1	AP	T	Conserxe Colexio
Limpador/a	2	AP	V/T	Limpador/a edificios publicos

C) Persoal Laboral Temporal: 10

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR	SIT	POSTOS EXISTENTES
Educadora Familiar (xornada parcial)	1	B	AT	Educadora Familiar
Técnico sanitario	1	C3	V	Técnico Sanitario
Técnicos Escola Infantil	2	C3	AT/ T	Técnicos Escola Infantil
Auxiliar Axuda no Fogar	4	AP	T	Auxiliar Axuda Fogar
Limpador/a	2	AP	AT	Limpador/a colexios

* O: ocupada en propiedade

* V: vacante

* AT: Adscrita temporalmente con persoal indefinido

*T: cuberta provisionalmente con persoal temporal

Barreiros, 19 de maio de 2021.- A Alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 1488

BEGONTE

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobada provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria de data 21 de maio de 2021, a modificación da Ordenanza Municipal Reguladora do Réxime de funcionamento da Pista de Pádel e do Prezo Público pola utilización das súas instalacións; conforme ao establecido no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público na secretaría municipal polo prazo de trinta días hábiles, contados desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos do seu exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións á mesma entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, 21 de Maio de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1489

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2021-2023

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na Sesión Ordinaria celebrada o día 21 de maio de 2021, o Plan Estratéxico de Subvencións 2021-2023, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles - contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín oficial da Provincia - aos efectos do seu exame e presentación das reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Begonte, 21 de Maio de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1490

Anuncio

Formada e rendida a Conta Xeral desta Entidade Local, correspondente ao exercicio de 2.020, e informada pola Comisión Especial de Contas con data de 21 de maio do actual, de conformidade e aos efectos previstos no art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo - polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais - expónse ao público, xunto cos seus xustificantes, na Secretaría do Concello, polo prazo de quince días, a fin de que durante o mesmo poida ser examinada e formularse, no seu caso, as reclamacións, reparos ou observacións que se estimen pertinentes.

Begonte, 21 de Maio de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1491

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 21 de maio de 2021, o expediente de modificación de créditos núm. 9 /2021, (2º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Cincuenta e sete mil catrocentos sesenta e tres con sete (57.463,07) euros , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 21 de Maio de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1492

CARBALLEDO*Anuncio*

En sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 08 de abril de 2021 foi aprobado inicialmente o novo "Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo", asinado por técnicos competentes.

O novo Plan expónse ao público polo prazo de vinte días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, durante os cales as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións, de tal xeito que se considerará definitivamente aprobado se durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

O novo Plan está publicado na páxina web do Concello de Carballedo <http://www.concellocarballedo.es> quedando, así mesmo, a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Carballedo, sita na Praza V. Portomeñe, 1 - A Barrela - CP 27520 - Carballedo (Lugo).

Dito Plan será o documento de referencia aos efectos de que os responsables cumpran coas súas obrigas de xestión da biomasa conforme ao art. 21 e no prazo previsto no art. 22 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia.

Carballedo, 20 de maio de 2021.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1493

CHANTADA*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 18/05/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a maio 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes maio 2021 terá lugar neste municipio dende o día 19 de maio de 2021 ata o día 18 de xullo de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 20 de maio de 2021.-O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1494

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 14/05/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril do 2021 terá lugar neste municipio dende o día 17 de maio de 2021 ata o día 19 de xullo de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 20 de maio de 2021.-O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1495

MONDOÑEDO

Anuncio

O 24 de maio de 2021, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2021-0071, que literalmente di:

“ RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL (87,5% XORNADA-7 HORAS/DÍA) DE TÉCNICO/A EN INFORMACIÓN TURÍSTICA POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 3 MESES, SENDO A DATA LÍMITE DE FINALIZACIÓN DO CONTRATO O 30 DE SETEMBRO DE 2021, PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO)

Vista a providencia da alcaldía que incoa o expediente para o proceso de selección, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal no Concello de Mondoñedo: 1 Técnico/a en Información Turística a tempo parcial (87,5% xornada-7 horas/día), por un período máximo de 3 meses, e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 30 de setembro de 2021 (Programa Fomento do Emprego 2020).

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77, do 3 de abril de 2020.

Vista a memoria da Alcaldía que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016.

Debido á necesidade de realizar esta contratación e ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, nas facultades conferidas pola lexislación vixente, esta Alcaldía,

RESOLVE:

Primeiro.- Avogar a competencia precisa, de forma puntual, co único obxecto de prestar aprobación para realizar unha convocatoria para a selección e posterior contratación dun emprego de TECNICO EN INFORMACIÓN TURÍSTICO/A, mediante unha contratación de carácter laboral temporal a tempo parcial, 87,5% da xornada- 7 horas/día, mediante un contrato por obra/servizo determinado, desde a data de contratación, por un período

máximo de 3 meses e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 30 de setembro de 2021.

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Terceiro.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno e ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, 24 de maio de 2021, O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide, Ante min, A secretaria-interventora accidental, María Remedios Rego Villalba

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL (87,5% XORNADA-7 HORAS/DÍA), DE TÉCNICO/A EN INFORMACIÓN TURÍSTICA POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 3 MESES, SENDO A DATA LÍMITE DE FINALIZACIÓN DO CONTRATO O 30 DE SETEMBRO DE 2021, PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO)

PRIMEIRA.—OBJECTO

Esta convocatoria ten por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo parcial (87,5%-7 horas/día), mediante un contrato por obra/servizo determinado, dun emprego de Técnico en Información Turística por un **período máximo de 3 meses** e no caso de que se retrase esta contratación, o **último día de contrato** será o **30 de setembro de 2021**, mediante o sistema de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, ao abeiro das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77, do 3 de abril de 2020.

Baixo a coordinación do Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, a persoa seleccionada desempeñará as súas funcións vinculadas á Oficina de Turismo do Concello de Mondoñedo.

A retribución mensual bruta, incluída a parte proporcional de paga extraordinaria e o plus de transporte será de 1.106,25 euros, aínda que o salario e o plus de transporte, liquidaranse mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño, e/ou á finalización do contrato.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE

As probas selectivas, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común do Sector Público.
- Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77 do 3 de abril de 2020.
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Estar en posesión do título académico esixido nas bases xerais e específicas para ingresar no emprego de referencia na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou en disposición de obtelo, neste caso: **Técnico Superior en Información e Comercialización Turística ou Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística, Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado ou ben contar coa habilitación de guía de turismo.**
- e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- f) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- g) Non atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.
- h) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.
- i) Para poder optar a este posto o candidato/a **provirá de situación de desemprego ou de mellora de emprego** con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa (criterio incluído nas bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77 do 3 abril de 2020).
- j) Posuír o certificado do Celga 3, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

CUARTA.— FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.— O prazo de presentación de instancias é de **cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. No caso de que o último día de prazo sexa inhábil, este finalizará o vindeiro día hábil seguinte.

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común do Sector Público. Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- .- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- .- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.
- .- Fotocopia compulsada do Informe de situación administrativa da oficina de emprego ou documento análogo que acredite a situación de desemprego ou mellora de emprego con data actual.

- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

QUINTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterà:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.

-a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.

- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos e a fase de oposición, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro na web e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante os dous días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamación formuladas en prazo serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O Tribunal estará integrado polos seguintes membros atendendo á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretaría: A da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será de **CONCURSO-OPOSICIÓN**.

A puntuación máxima que se pode acadar neste proceso de selección é de 20 puntos.

FASE DE CONCURSO: Valoración de Méritos

A tal efecto o Tribunal constituirase para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nas bases específicas, na Casa do Concello.

A cualificación dos méritos realizarase, sobre un máximo de **8 puntos**, de acordo co baremo seguinte:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL.

1º.- Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,15 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,08 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

- a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima que se pode acadar por experiencia profesional será de **4,5 puntos**.

B) FORMACIÓN.

A puntuación máxima para este apartado é de **3,5 puntos**.

- **Titulacións académicas complementarias.**- Por **posuír titulacións académicas distintas da esixida** para participar no proceso de selección. En todo caso, **estas titulacións deberán complementa-la mínima esixida para acceder á selección e estar directamente relacionadas coas funcións do emprego a desenvolver**, por quen resulte seleccionado:

Ciclo Medio de FP ou equivalente (FP I): 0,75 puntos cada unha.

Ciclo Superior de FP ou equivalente (FP II): 1,00 puntos cada unha.

Diplomado Universitario: 1,25 punto cada unha.

Licenciado Universitario: 1,50 puntos cada unha.

Título de grao: 1,50 puntos cada unha.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

A puntuación máxima que se pode acadar neste subapartado será de **1,50 puntos**.

- **Cursos ou outra formación.**- Por cada curso, xornada, seminario etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia:

-Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.

-Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.

-Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.

-Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.

-Por cada curso de máis de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste subapartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o

Tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima que se pode acadar neste subapartado será de **2 puntos**.

FASE DE OPOSICIÓN:

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O procedemento selectivo consistirá na realización do seguinte exercicio:

▪ **Un único exercicio:** consistirá en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas e catro (4) de reserva, con catro (4) respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo II destas bases. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos, e non se contabilizarán as respostas erróneas e preguntas non contestadas.

O exercicio terá unha duración de 80 minutos.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 3, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 3, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

OITAVA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo.

En caso de empate, unha vez obtida a puntuación final, o desempate realizarase tendo en conta, en primeiro lugar a maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, dirimirase a favor da maior puntuación en experiencia na administración pública, e en segundo lugar a experiencia na empresa privada. De continuar o empate, este dirimirase, tendo en conta o apartado de titulación académicas complementarias. Se aínda así persiste o empate, este dirimirase con base nos cursos ou outra formación relacionada. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento ao candidato que máis puntuación obtivese, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao emprego.

Confecionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

NOVENA.—APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

O/A aspirante proposto/a presentará na Secretaría do Concello, de non telos presentados con anterioridade, nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

- c) Informe da Situación Administrativa e/ou Certificado de períodos de inscrición, ambos documentos actualizados e emitidos pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia oportuna, que acrediten que a persoa que se contratará provén de situación de desemprego ou de mellora de emprego.

- d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

- d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas todas as actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incorrer por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da listaxe.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

DÉCIMO SEGUNDA.—NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a....., con
DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a
de....., con enderezo
en..... e
teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para para cubrir a contratación temporal de 1 emprego de técnico de información turística, de conformidade coa convocatoria aprobada pola Resolución da alcaldía do ____ de _____ de 2021.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados: (relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto, SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de de 2021

(sinatura)

SRA. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

ANEXO II

TEMARIO

MATERIAS COMÚNS

Tema 1 - A Constitución Española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2 - Municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.

Tema 3 - O Municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.

Tema 4 - A Provincia. Organización provincial. Deputacións.

Tema 5 - Procedemento Administrativo. Os administrados: dereitos e deberes dos cidadáns na normativa do procedemento. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Rexistros e arquivos. Sistema de revisión dos actos administrativos: recursos administrativos e revisión de oficio.

Tema 6 - A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación

Tema 7 -A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 8.- Tipos de Oficinas de Información Turística.

Tema 9.- Actividades das Oficinas de Turismo

Tema 10.- Tipos de Atención ao Público

Tema 11.- Comunicación ao Público nos servizos de información turística.

Tema 12.- Soportes de difusión da información turística.

Tema 13 - Rueiro de Mondoñedo. Rúas e prazas da área urbana, Os Muíños e San Lázaro. Localizacións de monumentos en Mondoñedo.

Tema 14 - A Catedral de Mondoñedo.

Tema 15 - O Seminario de Mondoñedo.

Tema 16 - A Fonte Vella.

Tema 17 - O Convento da Concepción.

Tema 18 - O Camiño Norte de Santiago no tramo de Mondoñedo.

Tema 19 - A Cova do Rei Cintolo e as visitas guiadas que fai o concello nela.

Tema 20 - O barrio de Os Muíños. Monumentos e talleres artesáns. “

Mondoñedo, 24 de maio de 2021.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide

R. 1523

Anuncio

O 24 de maio de 2021, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2021-0070, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL (75% XORNADA-6 HORAS/DÍA) DE VARREDOR/A, PARA COLABORAR NA DELEGACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 2 MESES, SENDO A DATA LÍMITE DE FINALIZACIÓN DO CONTRATO O 30 DE SETEMBRO DE 2021, PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO)

Vista a providencia da alcaldía que incoa o expediente para o proceso de selección, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal no Concello de Mondoñedo: 1 varredor/a para a Delegación de Obras e Servizos municipal, a xornada parcial (75% xornada-6 horas diarias), por un período máximo de 2 meses e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 30 de setembro de 2021 (Programa Fomento do Emprego 2020).

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77, do 3 de abril de 2020.

Vista a memoria da Alcaldía que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016.

Debido á necesidade de realizar esta contratación e ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, nas facultades conferidas pola lexislación vixente, esta Alcaldía,

RESOLVE:

Primeiro.- Avogar a competencia precisa, de forma puntual, co único obxecto de prestar aprobación para realizar unha convocatoria para a selección e posterior contratación dun emprego de VARREDOR/A, mediante unha contratación de carácter laboral temporal a tempo parcial, 75% da xornada- 6 horas/día, mediante un contrato por obra/servizo determinado, desde a data de contratación, por un período máximo de 2 meses e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 30 de setembro de 2021.

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Terceiro.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno e ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, 24 de maio de 2021, O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide, Ante min, A secretaria-interventora accidental, María Remedios Rego Villalba

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL (75% XORNADA- 6 HORAS/DÍA), DE VARREDOR/A, PARA COLABORAR NA DELEGACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 2 MESES, SENDO A DATA LÍMITE DE FINALIZACIÓN DO CONTRATO O 30 DE SETEMBRO DE 2021, PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO)

PRIMEIRA.—OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo parcial (75% xornada, 6 horas/diarias), mediante un contrato por obra/servizo determinado, dun emprego de Varredor/a por un período máximo de 2 meses e no caso de que se retrase esta contratación, o último día de contrato será o 30 de setembro de 2021, mediante o sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN, ao abeiro das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77, do 3 de abril de 2020.

Baixo a coordinación do Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, a persoa seleccionada desempeñará as súas funcións, que serán as propias do emprego de Varredor/a vinculadas á Delegación de Obras e Servizos do Concello de Mondoñedo.

A retribución mensual bruta, incluída a parte proporcional de paga extraordinaria e o plus de transporte será de 981,17 euros, aínda que o salario liquidarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño, e/ou á finalización do contrato.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE

As probas selectivas, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común do Sector Público.
- Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77 do 3 de abril de 2020.
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Estar en posesión do título académico esixido nas bases xerais e específicas para ingresar no emprego de referencia na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou en disposición de obtelo, neste caso: **Certificado de Escolaridade ou equivalente.**
- e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- f) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse

inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.

h) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

i) Para poder optar a este posto o candidato/a **provirá de situación de desemprego ou de mellora de emprego** con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa (criterio incluído nas bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que respecta ao programa de Fomento do Emprego para o período 2020-2021, publicadas no BOP núm. 77 do 3 abril de 2020).

j) Posuír o certificado do Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

CUARTA.— FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.— O prazo de presentación de instancias é de **cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. No caso de que o último día de prazo sexa inhábil, este finalizará o vindeiro día hábil seguinte.

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común do Sector Público. Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.

.- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.

.- Fotocopia compulsada do Informe de situación administrativa da oficina de emprego ou documento análogo que acredite a situación de desemprego ou mellora de emprego con data actual.

.- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

QUINTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterà:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.

- a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.

- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos e a fase de oposición, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro na web e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante os dous días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamación formuladas en prazo serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde - Presidente mediante resolución.

O Tribunal estará integrado polos seguintes membros atendendo á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretaria: A da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será de **CONCURSO-OPOSICIÓN**.

A puntuación máxima que se pode acadar neste proceso de selección é de 20 puntos.

FASE DE CONCURSO: Valoración de Méritos

A tal efecto o Tribunal constituirase para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nas bases específicas, na Casa do Concello.

A cualificación dos méritos realizarase, sobre un máximo de **6 puntos**, de acordo co baremo seguinte:

C) EXPERIENCIA PROFESIONAL.

1º.- Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,30 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,15 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

c) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

d) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima que se pode acadar por experiencia profesional será de **3,0 puntos**.

D) FORMACIÓN.

A puntuación máxima para este apartado é de **1,0 puntos**.

.- **Cursos ou outra formación**.- Por cada curso, xornada, seminario etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de máis de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste subapartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o Tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima que se pode acadar neste subapartado será de **1,0 puntos**.

E) CRITERIO SOCIAL

A puntuación máxima para este apartado é de **2,0 puntos**.

.- **Criterio Social**.- Por estar en situación ou risco de exclusión social e ter a condición de ser perceptor da Renda de Integración Social de Galicia (Risga), no ano 2020 ou 2021,:

-Por ter concedido no ano 2020 ou no ano 2021 a condición de ser perceptor da Renda de Integración Social de Galicia (Risga): 2,0 puntos

Neste subapartado presentarase un informe da traballadora social municipal ou documento análogo que acredite esta situación.

A puntuación máxima que se pode acadar neste subapartado será de **2,0 puntos**.

FASE DE OPOSICIÓN:

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O procedemento selectivo consistirá na realización do seguinte exercicio:

A) FASE DE OPOSICIÓN: A Fase de Oposición, que ten carácter obrigatoria e eliminatoria para os/as aspirantes, consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas, na que se analizará a capacidade funcional dos/das aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de Varredor/a do concello de Mondoñedo. Nesta proba práctica poderanse incluír preguntas teórico-prácticas, relacionadas co posto de traballo.

Puntuarase de 0 a 14 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de sete (7) puntos para a súa superación.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatoria a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

OITAVA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo.

En caso de empate, unha vez obtida a puntuación final, o desempate realizarase tendo en conta, en primeiro lugar a maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, dirimirase a favor da maior puntuación en experiencia na administración pública, e en segundo lugar a experiencia na empresa privada. De continuar o empate, este dirimirase, tendo en conta o apartado de criterio social. Se aínda así persiste o empate, este dirimirase con base nos cursos ou outra formación relacionada. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento ao candidato que máis puntuación obtivese, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao emprego.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

NOVENA.—APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

O/A aspirante proposto/a presentará na Secretaría do Concello, de non telos presentados con anterioridade, nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

- c) Informe da Situación Administrativa e/ou Certificado de períodos de inscrición, ambos documentos actualizados e emitidos pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia oportuna, que acrediten que a persoa que se contratará provén de situación de desemprego ou de mellora de emprego.

- d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

- d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas todas as actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da listaxe.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

DÉCIMO SEGUNDA.—NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a....., con
 DNI....., nado/a(data nacemento), veciño/-a
 de....., con enderezo
 en..... e
 teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para para cubrir a contratación temporal de 1 emprego de Varredor/a, de conformidade coa convocatoria aprobada pola Resolución da alcaldía do ____de _____ de 2021.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados: (relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto, SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de de 2021

(sinatura)

SRA. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)“

Mondoñedo, 24 de maio de 2021, O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1522

RIBAS DE SIL

Anuncio

As normas urbanísticas que seguen, corresponden ao documento Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Ribas de Sil, para a delimitación do núcleo rural de A Veiga, aprobado por RESOLUCIÓN do 18 de febreiro de 2021 e publicado no DOG Nº 46, martes, 9 de marzo de 2021 .

3 MEMORIA DETERMINATIVA. NORMAS URBANÍSTICAS 21

3.1 RÉXIME URBANÍSTICO 21

3.1.1 NORMAS DE USO 21

3.1.1.1 USO PRINCIPAL 21

3.1.1.2 RESTANTES USOS ADMITIDOS 21

3.1.2 NORMAS DE VOLUME 21

3.1.2.1 CONDICIÓNS DE POSICIÓN 21

3.1.2.2 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN 21

3.1.2.3 CONDICIÓNS DE MEDICIÓN E EDIFICACIÓN 22

3.1.3 NORMAS DE HARMONIZACIÓN TIPOLOXICA 22

3.1.4 NORMAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL 23

3.1.5 OBTENCIÓN DE TERREOS PARA REGULARIZACIÓN DA REDE VIARIA PÚBLICA 24

3 MEMORIA DETERMINATIVA. NORMAS URBANÍSTICAS

3.1 RÉXIME URBANÍSTICO

O abeiro da LOUG 9/2002, o Ámbito obxecto de Modificación Puntual, delimitase como núcleo rural de A Veiga coa clasificación de solo de núcleo rural común, en nel rexeran as normas urbanísticas contidas na seguinte ordenanza:

Ordenanza de Solo de Núcleo Rural Común.

3.1.1 NORMAS DE USO

As definicións dos usos recollidos nos apartados que seguen, corresponderán cas dispostas no PXOM.

3.1.1.1 USO PRINCIPAL

Residencial, en grado 1º. Uso característico.

3.1.1.2 RESTANTES USOS ADMITIDOS

Industrial: grao 2º, restrinxido a planta baixa e semisoto.

Comercial: graos 2º e 4º, restrinxido a planta baixa e semisoto, soto ou planta primeira.

Dotacional: grao 2º.

Uso de Oficinas, restrinxido a planta baixa e planta primeira.

Espectáculos e Salas de reunión.

Hostaleiro: grao 3º.

Servizos do automóbil: grao 1º restrinxido a planta baixa, semisoto ou soto.

Usos de espectáculo e salas de reunión.

Uso cultural/educativo: todos os graos.

Uso deportivo: tódolos graos.

Uso asistencial: tódolos graos.

Uso relixioso.

3.1.2 NORMAS DE VOLUME

3.1.2.1 CONDICIÓN DE POSICIÓN

A edificación poderá recuarse ao respecto da aliñación exterior, fixada graficamente en plano de organización espacial específico.

Respecto ao lindeiro posterior, en novas construcións determínase un recuamento mínimo de 3 (m).

As novas construcións respecto a lindeiros laterais, o recuamento mínimo obrigatorio será de 3 (m).

3.1.2.2 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN

PARCELA MÍNIMA

Determínase unha parcela mínima edificable de 500 (m²). As parcelas que non alcanzando este valor mínimo determínanse, á vez, como parcelas edificadas, terán a condición de parcela edificable ca cabida existente antes da aprobación da Modificación Puntual, baixo o réxime da presente ordenanza; cabida que deberá alcanzalo valor mínimo arriba indicado para o emprazamento nas mesmas de novas construcións.

DIVISIÓN E SEGREGACIÓN DE PARCELAS

Non se admitirán operacións de división ou segregación do parcelario existente integrado na presente ordenanza, agás nos seguintes supostos:

- Mellora ou ampliación da rede viaria pública.
- Reforzo ou execución de redes de servizos de interese público.
- Regularización de lindeiros entre parcelas colindantes, non supoñendo, en ningún caso, unha variación superior ao 10 (%) da superficie orixinaria de cada unha das citadas parcelas.

FRONTE MÍNIMO A VÍA

Establécese un fronte mínimo a vía da parcela edificable de 15 (m); agás nas parcelas que, non alcanzando este valor mínimo, determínanse, á vez, como parcelas edificadas; neste caso, as referidas parcelas, terán a condición de parcela edificable co fronte a vía existente antes da aprobación da Modificación Puntual, fronte que deberá alcanzalo valor mínimo arriba indicado para o emprazamento nas mesmas de novas construcións.

3.1.2.3 CONDICIÓN DE MEDICIÓN E EDIFICACIÓN

ALTURA DE EDIFICACIÓN

A altura de edificación non excederá de 7 (m) cando ésta se proxecte en dúas plantas (planta baixa e piso) e de 3,5 (m) no caso de que a edificación sexa de planta única (planta baixa).

OCUPACIÓN POLA EDIFICACIÓN

Establécese unha ocupación pola edificación máxima de 30 (%), agás nas parcelas que excedendo desta determinación, identifícanse como parcelas edificadas segundo se representa en plano específico; neste caso as referidas parcelas edificadas, terán a condición de parcela edificable co valor de ocupación pola edificación existente antes da aprobación da Modificación Puntual, valor do que non se excederá en ningún caso.

EDIFICABILIDADE

Establécese unha edificabilidade máxima de 0,40 (m²/m²), agás nas parcelas que excedendo desta determinación, identifícanse como parcelas edificadas segundo se representa en plano específico; neste caso as referidas parcelas edificadas, terán a condición de parcela edificable co valor de edificabilidade existente antes da aprobación da Modificación Puntual, valor do que non se excederá en ningún caso.

CONSTRUCCIÓN POR RIBA DA ALTURA DE EDIFICACIÓN

As cubertas terán unha pendente non superior a 30°, permitindo o aproveitamento baixo cuberta, sendo éste como prolongación da vivenda inferior, recibindo a súa iluminación e ventilación polos testeiros e por ventás inclinadas situadas no plano das vertentes das cubertas.

A distancia medida entre a altura de edificación e o cumio da cuberta non excederá 2,9 (m).

3.1.3 NORMAS DE HARMONIZACIÓN TIPOLÓXICA

Establécense as seguintes condicións específicas:

- A tipoloxía das edificacións en nova planta deberá ser congruente cas condicións ambientais propias do lugar, non podendo supoñer variacións das características esenciais das edificacións existentes. Ó anterior, sen prexuízo con cumprimento do disposto no artigo 29 da LOUGA 9/2002.
- No terreo edificable procurarase a equidade entre a edificación e a superficie pavimentada con firmes pétreos ou de formigón, para garantir a accesibilidade e mobilidade, pero, á vez, respectuosa ca presenza de superficie vexetal. Polo anterior, a pavimentación de firmes limitarase a un 20% da cabida do terreo edificable e non superará en ningún caso una superficie de 250 (m²).
- No tocante a presenza de especies arbóreas no terreo, estarase ó cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de montes e protección contra incendios forestais, e na demais normativa que fora de aplicación.
- Nas cubertas empregaranse coberturas con lousas de pizarra. As saídas de ventilación por riba dos planos definidos polos faldóns da cuberta, solucionaranse –en estética e materiais- co mesmo tratamento cos paramentos de cerramento exterior. Prohibiranse elementos metálicos ou prefabricados desconformes con entorno.
- Permitiranse soportais e porches, cando non supoñan máis dun 25% da ocupación en planta da edificación. Os pilares ou soportes vistos, solucionaranse –en estética e materiais- co mesmo tratamento cos paramentos de cerramento exterior. Prohibiranse pilares de formigón vistos carentes dun adecuado revestimento.
- Non se permitirán entreplantas.
- Nos paramentos de cerramento exterior vistos, empregaranse mampostería ou sillería de pedra. - No caso de optar polo emprego dunha fábrica de formigón ou cerámica, deberá dispor do adecuado revestimento e acabado cromático que non difira cas gamas maioritarias do núcleo rural delimitado.
- Os ocós nos paramentos de cerramento exterior, rexeranse por criterios de racionalidade e normalización, para que se integren na composición dos devanditos cerramentos. En tódolos casos, os ocós serán cadrados ou rectangulares.
- Recoméndase ó emprego de carpinterías de madeira, aínda que admitirase outros materiais sempre e cando dispoñan dun acabado cromático ou lacados, non desconforme co entorno.

3.1.4 NORMAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL

ABASTECIMENTO de AUGA

Con carácter xeral será preciso manter as condicións de potabilidade esixidas para o abastecemento de auga no núcleo rural delimitado. Polo anterior, non se autorizarán actividades nocivas e insalubres, que puideran xerar contaminación por vertidos. O Concello avaliará con carácter previo á concesión de calquera licenza de nova edificación a dispoñibilidade de auga para a subministración; a existencia de risco de sobreexplotación da fonte ou punto de captación será causa da denegación de licenza.

Con carácter obrigatorio e vinculante, as novas edificacións con subministro de auga, disporán de conexión a un sistema de abastecemento que conte ca correspondente autorización de aproveitamento de auga outorgada polo Organismo de conca competente; sendo o anterior, condición necesaria para a obtención de licenza.

As novas captacións de auga solicitadas ao Organismo de conca competente, deberán axustarse a seguinte previsión de consumo:

- Nº de habitantes obtidos de multiplicar o Nº de vivendas polo ratio de 3 habitantes por vivenda.
- A dotación máxima prevista de 190 litros por habitante e día para uso residencial.

SANEAMENTO

Para a solicitude de licenza dunha edificación, verificarase a integridade do proxecto no que se refire a definición das instalacións necesarias para a recollida, evacuación e tratamentos dos efluentes residuais xerados pola actividade; como, tamén, a adopción de medidas para evitalo grado de contaminación non admisible, tanto das augas superficiais como das soterradas. Queda prohibido o vertido directo ou indirecto de augas e de produtos residuais que puideran contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, ca salvidade de obtela preceptiva autorización administrativa. Os vertidos de augas residuais requirirán, polo tanto, a previa autorización de Organismo de conca competente, polo que o titular das instalacións deberá formular a correspondente solicitude de autorización acompañada da documentación técnica na que se definirán as características das instalacións de tratamento e os parámetros límite de efluente resultante. Ó anterior, atendendo as disposicións recollidas na lexislación ou normativa de aplicación en materia de augas. Con carácter obrigatorio e vinculante, para a execución de novas edificacións, deberá dispoñerse dun sistema de depuración para os novos caudais de augas residuais xerados e, así mesmo, estes sistemas de depuración deberán obter autorización de vertido ante o Organismo de conca competente; sendo o anterior, condición necesaria para a obtención de licenza.

RESIDUOS SÓLIDOS

Os residuos sólidos xerados froito da actividade, xestionaranse conforme a lexislación sectorial vixente e procurando, en calquera caso, a evitación de vertedoiros que xeren un impacto indesexable no entorno. Estarse ao disposto na lexislación de aplicación en materia de residuos.

3.1.5 OBTENCIÓN DE TERREOS PARA REGULARIZACIÓN DA REDE VIARIA PÚBLICA

No ámbito obxecto de Modificación Puntual, a obtención de terreos privados para a regularización da rede viaria pública, realizarase polo mecanismo de expropiación forzosa; ó anterior, sen menoscabo de que, de acordo co marco legal establecido na LOUG 9/2002, houbera resolución ulterior de proceder por outro mecanismo de obtención de terreos conveniado entre as partes intervinentes. No demais estarase o disposto no artigo 24.2 da citada lexislación urbanística.

Ribas de Sil, 21 de maio de 2021.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1496

Anuncio

As normas urbanísticas que seguen, corresponden ao documento Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Ribas de Sil para a delimitación dos núcleos rurais de San Pedro, Pousanova, Pousavella e Relosío, aprobado por RESOLUCIÓN do 18 de febreiro de 2021 e publicado no DOG Nº 46, martes, 9 de marzo de 2021.

3 MEMORIA DETERMINATIVA. NORMAS URBANÍSTICAS 21

3.1 SOLO RÚSTICO 21

3.2 SÓLO DE NÚCLEO RURAL 21

3.2.1 RÉXIME URBANÍSTICO 21

3.2.2 ÁMBITO TERRITORIAL 21

3.2.3 ORDENANZA DE SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL 22

3.2.3.1 NORMAS DE USO 22

3.2.3.1.1 USO CARACTERÍSTICO 22

3.2.3.1.2 USOS ADMITIDOS 22

3.2.3.2 NORMAS DE VOLUME 22

3.2.3.2.1 CONDICIÓNS DE POSICIÓN 22

3.2.3.2.2 CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN 23

3.2.3.2.3 CONDICIÓNS DE MEDICIÓN E EDIFICACIÓN 24

3.2.3.3 NORMAS DE URBANIZACIÓN VIARIA 25

3.2.3.4	NORMAS DE HARMONIZACIÓN PAISAXÍSTICA E TIPOLÓXICA	26
3.2.3.5	NORMAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL	28
3.2.3.5.1	ZONAS DE INFLUENCIA DO RÍO DE SAN PEDRO	28
3.2.3.5.2	SERVIZOS	30
3.2.4	ORDENANZA DE SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN	31
3.2.4.1	NORMAS DE USO	31
3.2.4.1.1	USO CARACTERÍSTICO	31
3.2.4.1.2	USOS ADMITIDOS	31
3.2.4.2	NORMAS DE VOLUME	31
3.2.4.2.1	CONDICIÓN DE POSICIÓN	31
3.2.4.2.2	CONDICIÓN DE PARCELACIÓN	32
3.2.4.2.3	CONDICIÓN DE MEDICIÓN E EDIFICACIÓN	32
3.2.4.3	NORMAS DE URBANIZACIÓN VIARIA	33
3.2.4.4	NORMAS DE HARMONIZACIÓN TIPOLÓXICA	34
3.2.4.5	NORMAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL	34
3.2.5	REGULACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL CATALOGADO	35
3.2.5.1	ÁMBITO DE APLICACIÓN	35
3.2.5.2	NORMATIVA DE APLICACIÓN	35
3.2.5.3	CONDICIÓN XERAIS	35
3.2.5.4	DEFINICIÓN DAS OBRAS PERMITIDAS	36
3.2.5.5	NIVEIS DE PROTECCIÓN	37
3.2.5.6	CONTORNO DE PROTECCIÓN	37
3.2.6	REGULACIÓN DO SISTEMA FERROVIARIO	38
3.2.6.1	MARCO NORMATIVO	38
3.2.6.2	DEFINICIÓN	38
3.2.6.2.1	INFRAESTRUTURA FERROVIARIA	38
3.2.6.2.2	ZONA DE SERVIZO FERROVIARIO	39
3.2.6.2.3	ZONA DE DOMINIO PÚBLICO, ZONA DE PROTECCIÓN E LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN	39
3.2.6.3	DETERMINACIONES XERAIS	40
3.2.6.4	DETERMINACIONES PARTICULARES	41

3 MEMORIA DETERMINATIVA. NORMAS URBANÍSTICAS

Esta Modificación Puntual clasifica o solo incluído no seu Ámbito de Actuación como [1] Solo de Núcleo Rural e [2] Solo Rústico.

3.1 SOLO RÚSTICO

1. Os terreos clasificados polo Plan Xeral como Solo de Núcleo Rural e que, por efecto desta Modificación Puntual perden tal condición, pasan a ter clasificación de Solo Rústico. Reciben a categoría [Protección Ordinaria / Protección Especial] e, cando procede, subcategoría que lles corresponde en aplicación dos artigos 33 e 34 da lei 2/2016, do Solo de Galicia.

2. En aplicación do anterior, esta Modificación Puntual clasifica terreos como:

- Solo Rústico de Protección Ordinaria.
- Solo Rústico de Protección Especial de Augas.
- Solo Rústico de Protección Especial Forestal.

3. Nos terreos que reciban clasificación de Solo Rústico de Protección Ordinaria e Solo Rústico de Protección Especial de Augas rexerán as determinacións recollidas en artigos 35 a 39 de lei 2/2016 e, en todo o que non se opoña a estes, as ordenanzas e demais determinacións de Plan Xeral que, en cada caso, resulten de aplicación.

4. O Plan Xeral establece dúas ordenanzas para o Solo Rústico de Protección Especial Forestal: Conservativo e Produtivo. Esta Modificación Puntual non adscribe os terreos que clasifica como Solo Rústico de Protección Especial Forestal a ningunha de las. Ditas ordenanzas non serán, por tanto, de aplicación nos terreos que esta Modificación Puntual clasifica como Solo Rústico de Protección Especial Forestal. Neles rexerá, unicamente, as determinacións recollidas en artigos 35 a 39 de LSG 2/2016 e, en todo o que non se opoña a estes, as determinacións de Plan Xeral que resulten de aplicación.

En planos específicos deste documento recóllense os ámbitos que, por efecto desta Modificación Puntual pasan de Solo de Núcleo Rural a Solo Rústico: Planos 23 [Ámbito de desclasificación de terreos de NR-2] e 24 [Cualificación do solo rústico resultante da desclasificación de terreos de NR-2].

3.2 SÓLO DE NÚCLEO RURAL

3.2.1 RÉXIME URBANÍSTICO

O abeiro do disposto ao respecto na LSG 2/2016, no Ámbito obxecto de Modificación Puntual delimitado como solo de núcleo rural, rexerán as normas urbanísticas contidas nas seguintes ordenanzas:

- Ordenanza de Solo de Núcleo Rural Tradicional.
- Ordenanza de Solo de Núcleo Rural Común.

No caso da dotación en equipamento correspondente a capela de San Pedro, integrados no núcleo rural delimitado, atenderán a regulación urbanística ou demais determinacións recollidas ao respecto no PXOM.

3.2.2 ÁMBITO TERRITORIAL

Ámbito determinado como solo núcleo rural no que se da a concorrencia e compatibilidade dos tipos [art. 23 LSG 2/2016] tradicional e común, segundo se determina en plano específico de organización espacial, cunha superficie delimitada bruta de 141.480 (m²). A efectos da xustificación de cumprimento do grado de consolidación edificadora, conforme co artigo 35 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG 2/2016; establécense os subámbitos de solo de núcleo rural a continuación relacionados nos que rexerán as ordenanzas indicadas no apartado que precede.

- Subámbitos de Solo de Núcleo Rural:
- Subámbito común de San Pedro = 24.369 (m²).
- Subámbito tradicional de San Pedro = 67.254 (m²).
- Subámbito común de Pousanova = 23.309 (m²).
- Subámbito tradicional de Pousavella = 22.479 (m²).
- Subámbito tradicional de Relosío = 4.069 (m²).

3.2.3 ORDENANZA DE SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

3.2.3.1 NORMAS DE USO

[art.24 LSG 2/2016]

1. Os terreos que os plans xerais inclúan nas áreas delimitadas como núcleos rurais de poboación serán destinados aos usos característicos, complementarios ou compatibles coa edificación residencial no medio rural e coas necesidades da poboación residente neles.

As definicións dos usos recollidos nos apartados que seguen, corresponderán cas dispostas no PXOM.

3.2.3.1.1 USO CARACTERÍSTICO

- Residencial, en grao 1º. Uso característico.

3.2.3.1.2 USOS ADMITIDOS

- Comercial: graos 2º e 4º, restrinxido a planta baixa.
- Equipamental: grao 2.1.
- Hostaleiro: grao 3º.
- Usos de espectáculo e salas de reunión.
- Uso cultural/educativo: todos os graos.
- Uso agropecuario: graos 1º e 3º.

- Uso forestal: grao 3º.

3.2.3.2 NORMAS DE VOLUME

3.2.3.2.1 CONDICIÓN DE POSICIÓN

As novas edificacións poderán recuarse ao respecto da aliñación de planeamento, fixada graficamente en plano de organización espacial específico.

A aliñación de planeamento representa a liña que limita os terreos cualificados baixo a presente ordenanza ca vía ou espazo públicos.

Os terreos que cualificados na presente ordenanza, emprazáranse no fronte a Estrada Provincial LU-P-5302 [De San Clodio a Casares], estarán suxeitos o cumprimento do seguinte:

- A aliñación de planeamento coincidirá coa liña límite de cerramentos ou peches de parcela.
- A aliñación de planeamento establécese a unha distancia mínima de 10 (m) da actual beiravía da estrada provincial pola súa marxe dereita, o que resulta nunha distancia mínima de 6 (m) respecto do Eixo Determinado pola Modificación Puntual para estrada provincial; o anterior, cas excepcións feitas nas condicións de edificación para o caso de edificacións preexistentes no fronte a estrada provincial.
- O Eixo Determinado pola Modificación Puntual para estrada provincial, determínase a unha distancia mínima de 4 (m) da actual beiravía na súa marxe dereita.
- As novas edificacións se recuarán un mínimo de 3 (m) ao respecto da aliñación de planeamento.
- Respecto ao lindeiro posterior en novas edificacións, determínase un recuamento mínimo de 3 (m), medidos dende o lindeiro ó plano vertical definido polo paramento de cerramento posterior que corresponda da edificación
- No caso de que se desexase recuar as novas edificacións a lindeiros laterais, o recuamento mínimo obrigatorio será de 3 (m), medidos dende o lindeiro ó plano vertical definido polo paramento de cerramento lateral que corresponda da nova edificación.

Os terreos que cualificados na presente ordenanza, emprazáranse no fronte as demais vías ou espazos públicos, estarán suxeitos o cumprimento do seguinte:

- Cando unha nova edificación quixese acaroarse o outra xa existente, ó fará situando o plano que define o seu paramento de cerramento frontal [cerramento enfrontado a vía ou espazo público] en continuidade con aquel correspondente da edificación existente á que se acaroa; ó anterior, non excedendo, en ningún caso, da aliñación viaria definida en plano de organización espacial. No resto dos casos, en novas edificacións será de cumprimento un recuamento mínimo de 4 (m) á vía de acceso, medidos dende o eixo desta ó plano vertical definido polo paramento de cerramento frontal da edificación, non excedendo, en ningún caso, da aliñación de planeamento definida en plano de organización espacial.
- Respecto ao lindeiro posterior en novas edificacións, determínase un recuamento mínimo de 3 (m), medidos dende o lindeiro ó plano vertical definido polo paramento de cerramento posterior que corresponda da edificación.
- No caso de que se desexase recuar as novas edificacións a lindeiros laterais, o recuamento mínimo obrigatorio será de 3 (m), medidos dende o lindeiro ó plano vertical definido polo paramento de cerramento lateral que corresponda da nova edificación.
- Os novos peches de parcela non poderán exceder a aliñación de planeamento.

En todos os casos, prevalecerá con maior xerarquía a protección dos muros e peches tradicionais sobre as aliñacións de planeamento determinadas, no caso de que éstas últimas os comprometesen.

3.2.3.2.2 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN

PARCELA MÍNIMA

Determínase unha parcela mínima edificable de 300 (m²). As parcelas que non alcanzando este valor mínimo determínanse, á vez, como parcelas edificadas, terán a condición de parcela edificable ca cabida existente antes da aprobación da Modificación Puntual, baixo o réxime da presente ordenanza.

Poderase admitir menor parcela mínima en casos excepcionais debidamente xustificados en parcelas situadas entre outras xa edificadas, que imposibilitan acadar a parcela mínima.

DIVISIÓN E SEGREGACIÓN DE PARCELAS

Estarase ao disposto na LSG 2/2016. Sen prexuízo do anterior, non se admitirá a división de parcelas matrices en mais de catro parcelas resultantes.

Calquera intervención de segregación ou agregación de terreos, terá que contar ca preceptiva autorización da Consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.

FRONTE MÍNIMO A VÍA OU ESPAZO PÚBLICO

Establécese un fronte mínimo a vía da parcela edificable de 12 (m); agás nas parcelas que non alcanzando este valor mínimo, determínanse, á vez, como parcelas edificadas; neste caso, as referidas parcelas terán a condición de parcela edificable co fronte a vía existente antes da aprobación da Modificación Puntual. Sen prexuízo do anterior, para a implantación de novas construción o fronte deberá alcanza o valor mínimo arriba indicado.

3.2.3.2.3 CONDICIÓN DE MEDICIÓN E EDIFICACIÓN

ALTURA DE EDIFICACIÓN

Cando a nova edificación quisexe acaroarse a outra xa existente, ó fará igualando á altura de edificación daquela existente á que se acaroa, para uniformízalo fronte de alturas que conforman.

Cando a nova edificación teña que acaroarse a dúas xa existentes, ó fará non excedendo á altura de edificación daquela existente de maior altura.

Nos restantes casos, a altura de edificación non excederá da altura media das edificacións tradicionais existentes do subámbito tradicional no que emprace [Relosío, Pousavella ou San Pedro], polo que o proxecto de execución da nova edificación que se aporte para a solicitude de licencia, incorporará un estudo pormenorizado das alturas de edificación daquelas xa existentes no subámbito tradicional que corresponda e que, finalmente conclúa, na xustificación da contextualización da altura da nova edificación respecto da medias das tradicionais do lugar.

Por outra banda, as novas edificacións terán dúas plantas (baixa e primeira) ou planta única e baixa, dependendo da tipoloxía predominante no subámbito tradicional que corresponda.

OCUPACIÓN POLA EDIFICACIÓN

Establécese unha ocupación pola edificación máxima de 40 (%), cun máximo de ocupación por volume de edificación de 100 (m²) no Subámbito tradicional de Relosío e de 120 (m²) para os Subámbitos de Pousavella e San Pedro. Nas parcelas xa edificadas que excédense desta determinación, terán a condición de parcela edificable co valor de ocupación pola edificación existente antes da aprobación da Modificación Puntual, valor do que non se sobrepasará en ningún caso.

EDIFICABILIDADE

Establécese unha edificabilidade máxima de 0,45 (m²/m²), cun máximo de ocupación por volume de edificación de 220 (m²) no Subámbito tradicional de Relosío e de 260 (m²) para os Subámbitos de Pousavella e San Pedro. Nas parcelas xa edificadas que excédense desta determinación, terán a condición de parcela edificable co valor de edificabilidade existente antes da aprobación da Modificación Puntual, valor do que non se sobrepasará en ningún caso.

CONSTRUCCIÓN POR RIBA DA ALTURA DE EDIFICACIÓN

As cubertas terán unha pendente igual ou inferior á media das existentes no subámbito tradicional que corresponda [Relosío, Pousavella e San Pedro], non superando en ningún caso 30° e formadas por planos continuos sen quebros nas súas vertentes. Polo anterior, o proxecto de execución da nova edificación que se aporte para a solicitude de licencia, incorporará un estudo pormenorizado das pendentes dos faldóns de cuberta daquelas edificacións tradicionais xa existentes no subámbito tradicional que corresponda e que, finalmente conclúa, na xustificación da contextualización da pendente dos faldóns de cuberta da nova edificación respecto daquelas tradicionais do lugar.

Nos faldóns de cuberta, non se permite a construción de bufardas nin terrazas interiores, pero sí a apertura de luces conforme o plano definido polos faldóns de cuberta.

Permítese o aproveitamento baixo cuberta, este deberá ser como prolongación da vivenda inferior, e recibirá a súa iluminación e ventilación polos testeiros e por ventás inclinadas situadas no plano das vertentes das cubertas.

EDIFICACIÓN, INSTALACIÓN E PECHES PREEXISTENTES NA MARXE DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-5302

Estarase ao disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia. En particular e en virtude da disposición anterior, nas edificacións preexistentes en terreos baixo a cualificación da presente ordenanza con fronte a Estrada Provincial LU-P-5302 [de San Clodio a Casares] e emprazadas, á vez, entre a aliñación de planeamento e a aliñación adicional, segundo se reflicten graficamente e designan en plano de organización espacial específico; poderanse autorizar -sempre que quede garantida a seguridade vial e non produza variacións do volume edificado-

Con carácter xeral, obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A aliñación adicional representa a liña que afectando a unha edificación preexistente no fronte a Estrada Provincial LU-P-5302 [de San Clodio a Casares], dispónse a unha distancia de 10 (m) da actual beiravía da estrada provincial pola súa marxe dereita, o que resulta nunha distancia de 6 (m) respecto do Eixo Determinado pola Modificación Puntual para estrada provincial.

3.2.3.3 NORMAS DE URBANIZACIÓN VIARIA

Na Travesía Rural [art. 8.1 Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia], da Estrada Provincial LU-P-5302 [De San Clodio a Casares] polo Subámbito tradicional de San Pedro, determinarase parcialmente na súa marxe esquerda actual unha semisección tipo de 6 (m) e 8 (m).

Cando se determine unha semisección tipo de 6 (m) -que supón unha distancia de 10 (m) entre a aliñación de planeamento e a beiravía actual pola súa marxe dereita-, contarás seguinte distribución:

- Carril de calzada 3,50 (m)
- Beiravía 0,50 (m)
- Beirarrúa 2,00 (m)

Cando se determine unha semisección tipo de 8 (m) -que supón unha distancia de 12 (m) entre a aliñación de planeamento e a beiravía actual pola súa marxe dereita-, contarás ca seguinte distribución:

- Carril de calzada 3,50 (m)
- Beiravía 0,50 (m)
- Banda de aparcamento 2,00 (m)
- Beirarrúa 2,00 (m)

As semiseccións tipo descritas, poderán ter unha distribución diferente as anteriores, sempre cando a Administración titular da estrada provincial así o estimara xustificando.

As semiseccións tipo comprenderán o espazo fixado entre o Eixo Determinado pola Modificación Puntual para Estrada Provincial LU-P-5302 [De San Clodio a Casares] e a aliñación de planeamento; ó anterior ca salvedade do establecido na Disposición Adicional Primeira da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, para o caso de edificacións preexistentes.

O Eixo Determinado pola Modificación Puntual para Estrada Provincial LU-P-5302 [De San Clodio a Casares], distará 4 (m) da actual beiravía na súa marxe dereita.

3.2.3.4 NORMAS DE HARMONIZACIÓN PAISAXÍSTICA E TIPOLÓXICA

Terreos

Non se permitirán os movementos de terra que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar ou alteren de xeito significativo a súa topografía.

Calquera intervención de segregación ou agregación de terreos, terá que contar ca preceptiva autorización da Consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.

Quedarás prohibido a execución de camiños ou viario público, a salvo dos recollidos na Modificación Puntual. Por outra banda, non se poderán formular ampliacións de camiños que xeren un prexuízo no patrimonio cultural e demais elementos interese etnográfico do núcleo rural, polo requirirase sempre o acordo favorable da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.

Promoverase a conservación das especies arbóreas autóctonas. No caso de nova plantación ou pés illados, farase con especies autóctonas. Estarase ó cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de montes e defensa contra incendios forestais, e na demais normativa que fora de aplicación.

As novas redes de telecomunicacións e enerxía executarase soterradas. Prevalecerá o criterio de soterramento na renovación de redes de telecomunicacións e enerxía existentes, a salvo de que as condicións técnicas xustifiquen o contrario.

Os propietarios de parcelas non edificadas quedan obrigados ao seu correcto mantemento en condicións de limpeza, roza, poda e, se houber lugar, cerramento axeitado.

Prevalecerá con maior xerarquía a protección das edificacións, dos muros e peches tradicionais sobre as aliñacións determinadas pola Modificación Puntual, no caso de que estas últimas os comprometesen.

Os novos peches de parcela harmonizarán cos tradicionais do lugar. Empregarase pedra vista co aparello e despezo tradicional, admitíndose calquera outra fábrica sempre e cando quede debidamente revestida acorde o entorno rural inmediato no que se empraza. A altura máxima dos cerramentos de parcela será 1,2 (m), medidos desde a rasante da vía ou espazo públicos. Dende esta altura, non se poderán dispoñer materias de cerramentos complementarios como mallas metálicas ou similar.

Prohibiranse os peches de parcela con fábricas prefabricadas de formigón ou cerámicas, cando non contén co adecuado revestimento.

Nas intervencións sobre espazos públicos, os materiais empregados harmonizarán co contorno e co ambiente rural inmediato, o mobiliario será discreto considerando o estritamente necesario.

Edificacións

Estarase ao disposto no artigo 26 da LSG 2/2016, no referido as actuacións incompatibles en solo clasificado como de núcleo rural.

Darase prioridade a rehabilitación das edificacións tradicionais fronte á nova construción, evitando a degradación e a perda das construcións xa existentes, integrándoas en novos usos ou dotacións, favorecendo o uso e desfrute do medio rural, coa finalidade de revitalizar o espazo de acordo con criterios de sustentabilidade, aforro enerxético, mellora da calidade e conservación dos elementos singulares das construcións.

As novas construcións manterán as condicións ambientais do núcleo rural, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións existentes, identificándose coas características propias do lugar; iso, configurando un criterio xeral de integración no entorno, respondendo no seu deseño e composición ás características predominantes no ambiente sobre as que teñan que emprazarse. As solucións formais poñerán especial coidado en harmonizar materiais, cubertas, cornixas, dimensións de ocos macizos, cor ou detalles arquitectónicos coa construción histórica preexistente, especialmente no caso de situarse xunto a edificacións suxeitas a normativa de protección.

No cerramento de fachadas prevalecerá o emprego de pedra conforme o aparello e despezamento tradicional, admitíndose calquera outra fábrica sempre e cando quede debidamente revestida, acorde os acabados comúns no entorno rural no que se empraza.

Quedarán prohibidos os aplacados de pedra.

Prohibiranse os cerramentos de fachada con fábricas prefabricadas de formigón ou cerámicas, cando non conteno adecuado revestimento.

Para a carpintería exterior empregárase preferentemente a madeira, en acabado natural ou con lasures e aceites, preferentemente con tonalidade na gama cromático maioritaria no lugar. Poderá autorizarse carpinterías metálicas sen molduras e sempre que nimiticen cas carpinterías tradicionais comúns no entorno rural. Os elementos de escurecemento serán preferentemente mediante contras de madeira, non permitíndose persianas exteriores.

Quedará prohibido o emprego de carpinterías con materiais plásticos.

Poñerase coidado especial na calidade, emprego e cor dos materiais dos parámetros exteriores e da cuberta, utilizándose gamas de cor segundo o dominante do núcleo rural.

Os ocos nos paramentos de cerramento exterior, rexeranse por criterios de racionalidade e normalización, para que se integren na composición dos devanditos cerramentos. En calquera caso, os ocos serán cadrados ou rectangulares predominando, neste caso, a altura sobre á lonxitude.

Nas novas edificacións non se permitirán que sobre o plano de fachada excedan elementos estruturais de formigón -con independencia do seu espesor-, nin corpos voados e cornixas molduradas con elementos decorativos de natureza urbana. Unicamente poderán voar sobre o plano de fachada, elementos de cubrición (as pezas de laxa), o taboleiro soporte das pezas de laxa e os elementos estruturais lixeiros de carácter lineal que conformen a estrutura da cuberta conforme as tipoloxías tradicionais.

Prohíbense os sotos.

Prohíbense os semisotos.

Nos subámbitos tradicionais de Pousavella e San Pedro, poderase permitir escaleiras de acceso exterior a planta superior a baixa, unicamente cando sexan conformes en solución e materiais a tipoloxía común que reside nalgunhas das edificacións tradicionais do lugar e obtendo, en calquera dos casos, o acordo favorable da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.

Non se permitirán entreplantas.

Prohíbense as cubertas planas.

Nas cubertas empregáranse coberturas con lousas de pizarra, agás cando por carácter emblemático ou por coherencia construtiva, demostrárase debidamente a necesidade do emprego doutro material de cobertura diferente; que, en calquera caso, mimetizará en tonalidade da pizarra.

Os canalóns e baixantes executaranse en cobre ou zinc, con acabado mate e sección preferentemente circular.

As chemineas ou saídas de fumes sobre o plano da cuberta, revestiranse co mesmo material empregado nas fachadas ou cuberta, prohibíndose solucións vistas con materiais metálicos ou prefabricados.

Nos faldóns de cuberta, non se permite a construción de bufardas nin terrazas interiores, pero sí a apertura de luces conforme o plano definido polos faldóns de cuberta.

3.2.3.5 NORMAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL

3.2.3.5.1 ZONAS DE INFLUENCIA DO RÍO DE SAN PEDRO

ZONA DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

Atendendo as disposicións recollidas polo Real Decreto 285/2013, de 19 de abril, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, en diante denominado como Real Decreto 285/2013, na zona de dominio público hidráulico non se admitirá ningún uso, salvo aqueles previstos na lexislación aplicable en materia de augas, prohibíndose calquera tipo de edificación, así como a realización de obras de infraestruturas que poidan modificar negativamente o proceso de inundación. O outorgamento da licenza para calquera uso ou actividade na zona de dominio público hidráulico, requirirá acordo favorable do Organismo de conca competente.

ZONAS DE SERVIDUME E DE POLICIA

As marxes do cauce do río de San Pedro están suxeitas a unha zona de servidume e zona de policía, conforme se establece nas lexislación aplicable en materia de augas e como se representa para o ámbito obxecto de Modificación Puntual en plano de organización espacial específico. Establécese unha zona de servidume de 5 (m) de anchura en cada marxe do cauce, medida en proxección horizontal dende o mesmo. Determinase, igualmente, unha zona de policía de 100 (m) de anchura en cada marxe do cauce, medida en proxección horizontal dende o mesmo.

En plano de organización espacial, represéntase a liña límite para as zonas de servidume e de policía asociadas ao río de San Pedro, no ámbito obxecto de Modificación Puntual.

Calquera uso ou actividade que se pretenda executar dentro das zonas de servidume e de policía determinadas para o río de San Pedro, precisará autorización administrativa previa do Organismo de conca competente; a referida autorización será independente de calquera outra que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas.

Respecto aos usos permitidos ou compatibles na zona de servidume, estarase ao disposto no Real Decreto 285/2013, ou norma que o substituíse, priorizando o uso como espazos libres e zonas verdes dos terreos lindantes co cauce. Permitirase, con carácter xeral, as actuacións destinadas a conservación e restauración de construcións singulares de valor histórico ou patrimonial, estando as condicións establecidas polo Real Decreto 285/2013 para a zona de fluxo preferente.

Na zona de servidume, a salvo de que se obteña autorización do Organismo de conca competente, quedan prohibidos os seguintes usos:

- Novas edificacións, calquera que sexa o seu uso.
- Obras de reparación de edificacións existentes que supoñan unha alteración da súa ocupación en planta ou do seu volume ou o cambio de uso das mesmas que incremente a súa vulneración do cauce do río de San Pedro.
- Novas construcións ou obstáculos que alteren o réxime de correntes.
- Novos cerramentos e valados que non sexan diáfanos, tales como os peches de muro de fábrica de calquera clase.

ZONA DE FLUXO PREFERENTE

Segundo o artigo 3 do Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, a zona de fluxo preferente é aquela constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas, ou vía de intenso desaugue, e a zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, pódense producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado seu límite exterior mediante a envolvente de ambas zonas.

Segundo o Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables [SNCZI] do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o río de San Pedro ten asociada unha zona de fluxo preferente. No ámbito obxecto de Modificación Puntual, tal e como representa en plano de organización espacial específico, defínese zona de fluxo preferente para o cauce do río de San Pedro, que contén aquela establecida no SNCZI.

En plano de organización espacial, represéntase a liña límite para a zona de fluxo preferente correspondente ao río de San Pedro, no ámbito obxecto de Modificación Puntual.

En virtude do artigo 58.3 do Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil aprobado polo Decreto 285/2013 de 19 de abril, non se poderá autorizar na zona de fluxo preferente, ningunha instalación ou construción, nin obstáculos que alteren o réxime de correntes. Soamente poderán ser autorizadas aquelas actividades non vulnerables fronte as avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade das vías de intenso desaugadoiro. Considéranse usos compatibles con estas condicións os seguintes:

- Os parques, os espazos libres, zonas axardinadas e usos deportivos o aire libre, sen edificacións ni construcións de ningún tipo.
- As lagunaxes e estacións de augas residuais ou potables.

- O establecemento lonxitudinal de infraestruturas de comunicacións e transporte, sempre que permita a preservación o réxime de correntes e se xustifique a imposibilidade de realizar trazado alternativo fora da zona de fluxo preferente.
- A implantación de servizos e cañerías, debidamente soterradas e protexidas e sempre que se preserve o réxime de correntes e se garantise a non afección na calidade das augas.
- Aqueles outros usos previstos na lexislación aplicable en materia de dominio público hidráulico e que señan compatibles cas normas de uso da Ordenanza de cualificación.
- Os usos permitidos na zona de fluxo deberán adecuarse ao disposto no Regulamento do Dominio Público Hidráulico e serán os que non presenten vulnerabilidade fronte ás avenidas, dacordo cos establecido no artigo 57 do Real Decreto 285/2013. Permitirase, con carácter xeral, as actuacións destinadas a conservación e restauración de construcións singulares de valor histórico ou patrimonial, estando as condicións establecidas polo Real Decreto 285/2013.

A salvo de que se obteña autorización do Organismo de conca competente, quedan prohibidos os seguintes usos:

- Novas edificacións, calquera que sexa o seu uso.
- Obras de reparación de edificacións existentes que supoñan unha alteración da súa ocupación en planta ou do seu volume ou o cambio de uso das mesmas que incremente a súa vulneración fronte ás avenidas.
- Novas construcións ou obstáculos que alteren o réxime de correntes. Só poderán ser autorizadas aquelas actividades non vulnerables fronte ás avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade das vías de intenso desaugadoiro.
- Novos cerramentos e valados que non sexan diáfanos, tales como os peches de muro de fábrica de calquera clase.

En termos xerais, na zona de fluxo preferente definida na Modificación Puntual, non se poderá outorgar licenza para usos non contemplados no artigo 58.3 do Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, en tanto non quede garantindo o cumprimento do disposto nos artigos 57 e 58 do citado plan hidrolóxico aprobado polo Real Decreto 285/2013.

Nos terreos clasificados como de núcleo rural e integrados, á vez, en zona de fluxo preferente do río San Pedro que afecta aos subámbitos de San Pedro e Pousavella, unicamente serán autorizables polo Organismo de conca os usos establecidos nos artigos 57 y 58 do Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil e no artigo 9 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

3.2.3.5.2 SERVIZOS

ABASTECIMENTO de AUGA

Con carácter xeral será preciso manter as condicións de potabilidade esixidas para o abastecemento de auga no núcleo rural delimitado. Polo anterior, non se autorizarán actividades nocivas e insalubres, que puideran xerar contaminación por vertidos. O Concello avaliará con carácter previo á concesión de calquera licenza de nova edificación a dispoñibilidade de auga para a subministración; a existencia de risco de sobre explotación da fonte ou punto de captación será causa da denegación de licenza.

Con carácter obrigatorio e vinculante, as novas edificacións con subministro de auga, disporán de conexión a un sistema de abastecemento que conte ca correspondente autorización de aproveitamento de auga outorgada polo Organismo de conca competente; sendo o anterior, condición necesaria para a obtención de licenza.

As novas captacións de auga solicitadas ao Organismo de conca competente, deberán axustarse a seguinte previsión de consumo:

- Nº de habitantes obtidos de multiplicar o Nº de vivendas polo ratio de 3 habitantes por vivenda.
- A dotación máxima prevista de 190 litros por habitante e día para uso residencial.

SANEAMENTO

Para a solicitude de licenza dunha edificación, verificarase a integridade do proxecto no que se refire a definición das instalacións necesarias para a recollida, evacuación e tratamentos dos efluentes residuais xerados pola actividade; como, tamén, a adopción de medidas para evitalo grado de contaminación non admisible, tanto das augas superficiais como das soterradas.

Queda prohibido o vertido directo ou indirecto de augas e de produtos residuais que puideran contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, ca salvedade de obtela preceptiva autorización administrativa. Os vertidos de augas residuais requirirán, polo tanto, a previa autorización de Organismo de conca competente, polo que o titular das instalacións deberá formular a correspondente solicitude de autorización acompañada da documentación técnica na que se definirán as características das instalacións de

tratamento e os parámetros límite de efluente resultante. Ó anterior, atendendo as disposicións recollidas na lexislación ou normativa de aplicación en materia de augas.

Con carácter obrigatorio e vinculante, para a execución de novas edificacións, deberá dispoñerse dun sistema de depuración para os novos caudais de augas residuais xerados e, así mesmo, estes sistemas de depuración deberán obter autorización de vertido ante o Organismo de conca competente; sendo o anterior, condición necesaria para a obtención de licenza.

RESIDUOS SÓLIDOS

Os residuos sólidos xerados froito da actividade, xestionaranse conforme a lexislación sectorial vixente e procurando, en calquera caso, a evitación de vertedoiros que xeren un impacto indesexable no entorno. Estarse ao disposto na lexislación de aplicación en material de residuos.

3.2.4 ORDENANZA DE SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN

3.2.4.1 NORMAS DE USO

As definicións dos usos recollidos nos apartados que seguen, corresponderán cas dispostas no PXOM.

3.2.4.1.1 USO CARACTERÍSTICO

Residencial, en grao 1º. Uso característico.

3.2.4.1.2 USOS ADMITIDOS

- Industrial: grao 2º, restrinxido a planta baixa e semisoto.
- Comercial: graos 2º e 4º, restrinxido a planta baixa e semisoto, soto ou planta primeira.
- Equipamental: grao 2.1.
- Uso de Oficinas, restrinxido a planta baixa e planta primeira.
- Espectáculos e Salas de reunión.
- Hostaleiro: grao 3º.
- Servizos do automóbil: grao 1º restrinxido a planta baixa, semisoto ou soto.
- Usos de espectáculo e salas de reunión.
- Uso cultural/educativo: todos os graos.
- Uso deportivo: tódolos graos.
- Uso asistencial: tódolos graos.
- Uso relixioso.

3.2.4.2 NORMAS DE VOLUME

3.2.4.2.1 CONDICIÓNS DE POSICIÓN

As novas edificacións poderán recuarse ao respecto da aliñación de planeamento, fixada graficamente en plano de organización espacial específico.

A aliñación de planeamento representa a liña que limita os terreos cualificados baixo a presente ordenanza ca vía ou espazo públicos.

Os terreos que cualificados na presente ordenanza, emprazáranse no fronte a Estrada Provincial LU-P-5302 [De San Clodio a Casares], estarán suxeitos o cumprimento do seguinte:

- A aliñación de planeamento coincidirá coa liña límite de cerramentos ou peches de parcela.
- A aliñación de planeamento establécese a unha distancia de 12 (m) da actual beiravía da estrada provincial pola súa marxe dereita, o que resulta nunha distancia 8 (m) respecto do Eixo Determinado pola Modificación Puntual para estrada provincial; o anterior, cas excepcións feitas nas condicións de edificación recollidas para o caso de edificacións preexistentes no fronte a estrada provincial.
- O Eixo Determinado pola Modificación Puntual para estrada provincial, determínase a unha distancia mínima de 4 (m) da actual beiravía na súa marxe dereita.
- As novas edificacións se recuarán un mínimo de 3 (m) ao respecto da aliñación de planeamento.

En todos los casos, determínase:

- Respecto ao lindeiro posterior, as novas edificacións respectarán un recuamento mínimo de 3 (m). Igual recuamento cumprírase respecto dos terreos nos que limita a presente ordenanza ca correspondente ao de solo de núcleo tradicional.

- As novas edificacións con recuamento a lindeiros laterais, o farán cun mínimo de 3 (m).

3.2.4.2.2 CONDICIÓN DE PARCELACIÓN

PARCELA MÍNIMA

Determinase unha parcela mínima edificable de 500 (m²).

DIVISIÓN E SEGREGACIÓN DE PARCELAS

Non se admitirán operacións de división ou segregación do parcelario existente integrado na presente ordenanza, agás nos seguintes supostos:

- Mellora ou ampliación da rede viaria pública.
- Reforzo ou execución de redes de servizos de interese público.
- Regularización de lindeiros entre parcelas colindantes, non supoñendo, en ningún caso, unha variación superior ao 10 (%) da superficie orixinaria de cada unha das citadas parcelas.

FRONTE MÍNIMO A VÍA

Establécese un fronte mínimo a vía da parcela edificable de 15 (m); agás nas parcelas que non alcanzando este valor mínimo, determinanse, á vez, como parcelas edificadas; neste caso, as referidas parcelas, terán a condición de parcela edificable co fronte a vía existente antes da aprobación da Modificación Puntual, fronte que deberá alcanzalo valor mínimo arriba indicado para o emprazamento nas mesmas de novas construcións.

3.2.4.2.3 CONDICIÓN DE MEDICIÓN E EDIFICACIÓN

ALTURA DE EDIFICACIÓN

A altura de edificación non excederá de 7 (m) cando esta se proxecte en dúas plantas (planta baixa e piso) e de 3,5 (m) no caso de que a edificación sexa de planta única (planta baixa).

OCUPACIÓN POLA EDIFICACIÓN

Establécese unha ocupación pola edificación máxima de 30 (%), agás nas parcelas que excedendo desta determinación, identifícanse como parcelas edificadas segundo se representa en plano específico; neste caso as referidas parcelas edificadas, terán a condición de parcela edificable co valor de ocupación pola edificación existente antes da aprobación da Modificación Puntual, valor do que non se excederá en ningún caso.

EDIFICABILIDADE

Establécese unha edificabilidade máxima de 0,40 (m²/m²), agás nas parcelas que excedendo desta determinación, identifícanse como parcelas edificadas segundo se representa en plano específico; neste caso as referidas parcelas edificadas, terán a condición de parcela edificable co valor de edificabilidade existente antes da aprobación da Modificación Puntual, valor do que non se excederá en ningún caso.

CONSTRUCCIÓN POR RIBA DA ALTURA DE EDIFICACIÓN

As cubertas terán unha pendente non superior a 30°, permitindo o aproveitamento baixo cuberta, sendo este como prolongación da vivenda inferior, recibindo a súa iluminación e ventilación polos testeiros e por ventás inclinadas situadas no plano das vertentes das cubertas. A distancia medida entre a altura de edificación e o cumio da cuberta non excederá 2,9 (m).

EDIFICACIÓN, INSTALACIÓN E PECHES PREEXISTENTES NA MARXE DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-5302

Estarase ao disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia. En particular e en virtude da disposición anterior, nas edificacións preexistentes en terreos baixo a cualificación da presente ordenanza con fronte a Estrada Provincial LU-P-5302 [de San Clodio a Casares] e emprazadas, á vez, entre a aliñación de planeamento e a aliñación adicional, segundo se reflicten graficamente e designan en plano de organización espacial específico; poderanse autorizar -sempre que quede garantida a seguridade vial e non produza variacións do volume edificado-:

- Con carácter xeral, obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A aliñación adicional representa a liña que afectando a unha edificación preexistente no fronte a Estrada Provincial LU-P-5302 [de San Clodio a Casares], dispónse a unha distancia de 12 (m) da actual beiravía da estrada provincial pola súa marxe dereita, o que resulta nunha distancia de 8 (m) respecto do Eixo Determinado pola Modificación Puntual para estrada provincial.

3.2.4.3 NORMAS DE URBANIZACIÓN VIARIA

Na Travesía Rural [art. 8.1 Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia], da Estrada Provincial LU-P-5302 [De San Clodio a Casares] polo Subámbito Común de San Pedro, determinarase na súa marxe esquerda actual unha semisección tipo de 8 (m) -que supón unha distancia de 12 (m) entre a aliñación de planeamento e a beiravía actual pola súa marxe dereita-, contará ca seguinte distribución:

- Carril de calzada 3,50 (m)
- Beiravía 0,50 (m)
- Banda de aparcamento 2,00 (m)
- Beirarrúa 2,00 (m)

As semiseccións tipo descritas poderán ter unha distribución diferente as anteriores, sempre e cando a Administración titular da estrada provincial así o estimara xustificado.

A semisección tipo comprenderá o espazo fixado entre o Eixo Determinado pola Modificación Puntual para Estrada Provincial LU-P-5302 [De San Clodio a Casares] e a aliñación de planeamento; ó anterior ca salvidade do establecido na Disposición Adicional Primeira da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, para o caso de edificacións preexistentes.

O Eixo Determinado pola Modificación Puntual para Estrada Provincial LU-P-5302 [De San Clodio a Casares], distará 4 (m) da actual beiravía na súa marxe dereita.

3.2.4.4 NORMAS DE HARMONIZACIÓN TIPOLÓXICA

Establécense as seguintes condicións específicas:

- A tipoloxía das novas edificacións deberá ser congruente cas condicións ambientais propias do lugar, non podendo supoñer variacións das características esenciais das edificacións existentes. Ó anterior, sen prexuízo con cumprimento do disposto na LSG 2/2016.
- No terreo edificable procurarase a equidade entre a edificación e a superficie pavimentada con firmes pétreos ou de formigón, para garantir a accesibilidade e mobilidade, pero, á vez, respectuosa ca presenza de superficie vexetal. Polo anterior, a pavimentación de firmes limitarase a un 20% da cabida do terreo edificable e non superará en ningún caso una superficie de 250 (m²).
- No tocante a presenza de especies arbóreas no terreo, estarase ó cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de montes e protección contra incendios forestais, e na demais normativa que fora de aplicación.
- Nas cubertas empregaranse coberturas con lousas de pizarra. As saídas de ventilación por riba dos planos definidos polos faldóns da cuberta, solucionaranse –en estética e materiais– co mesmo tratamento cos paramentos de cerramento exterior. Prohibiranse elementos metálicos ou prefabricados desconformes con entorno.
- Permitiranse soportais e porches, cando non supoñan máis dun 25% da ocupación en planta da edificación. Os pilares ou soportes vistos, solucionaranse –en estética e materiais– co mesmo tratamento cos paramentos de cerramento exterior. Prohibiranse piares de formigón vistos carentes dun adecuado revestimento.
- Non se permitirán entreplantas.
- Nos paramentos de cerramento exterior vistos, empregaranse mampostería ou sillería de pedra. No caso de optar polo emprego dunha fábrica de formigón ou cerámica, deberá dispor do adecuado revestimento e acabado cromático que non difira cas gamas maioritarias do núcleo rural delimitado.
- Os ocós nos paramentos de cerramento exterior, rexeranse por criterios de racionalidade e normalización, para que se integren na composición dos devanditos cerramentos. En tódolos casos, os ocós serán cadrados ou rectangulares.
- Recoméndase ó emprego de carpinterías de madeira, aínda que admitirase outros materiais sempre e cando dispoñan dun acabado cromático ou lacados, non desconforme co entorno.

3.2.4.5 NORMAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL

Corresponderanse cas determinadas para a ordenanza de solo de núcleo rural tradicional.

3.2.5 REGULACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL CATALOGADO

3.2.5.1 ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente regulación específica será de aplicación aos bens e conxuntos tradicionais catalogados nesta Modificación Puntual e recollidos polo Catálogo en apartado específico.

3.2.5.2 NORMATIVA DE APLICACIÓN

Estarase, entre outra, as disposicións legais recollidas na normativa sectorial en materia de protección cultural que segue:

- Decreto 571/63, sobre protección de cruceiros, escudos, emblemas, etc.
- Decreto 449/73 sobre protección de hórreos e cabazos.
- Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.

- Decreto 430/1991, de 30 de Decembro, polo que se Regula a Tramitación para a Declaración de Bens de Interese Cultural de Galicia e se Crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural para Galicia.
- Decreto 232/2008, de 2 de Outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

3.2.5.3 CONDICIÓN XERAIS

- As determinacións e demais indicacións contidas no Catálogo Cultural aportado na presente Modificación Puntual, terán carácter normativo canto a súa aplicación.
- En cumprimento do recollido no artigo 9 do Decreto 232/2008, de 2 de Outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, o Catálogo aportado na Modificación Puntual, incluírase no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Calquera intervención nun ben individual ou conxunto tradicional catalogado, así como, no contorno de protección determinado para o mesmo, estará supeditada á necesaria autorización de la consellería competente en materia de patrimonio cultural; ó anterior, independentemente do nivel de protección establecido pola Modificación Puntual e conforme ó disposto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Respectarase e priorizarase as aliñacións e rasantes existentes consolidadas polas edificacións, muros e peches tradicionais. No caso de existir discrepancias entre as aliñacións determinadas graficamente pola Modificación Puntual e as existentes, atenderase á realidade existente.
- Con carácter xeral non se poderán formular ampliacións de camiños que afecten a elementos de interese etnográfico (hórreos, muíños, can/es, fontes, emparrados, muros e va/os tradicionais, cómaros, noiros, etc.) así como a arboredo autóctono, especialmente ás ringleiras de árbores que dean a camiños ou que separen fincas. Nos casos de interese xeral, con carácter excepcional e de xeito xustificable poderanse formular a ampliación dalgún camiño propoñendo, en todo caso, a alternativa coa menor afección sobre o patrimonio cultural.
- A tódolos bens declarados Bens de Interese Cultural [BIC], lles será de aplicación o réxime establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Cando puidera producirse afección ós bens catalogados pola previsión ou ampliación dalgún servizo, será necesario que o proxecto técnico correspondente faga as consideracións oportunas para evita-la perda ou minusvalía dos valores determinativos da protección dos citados bens; ó anterior ca necesaria autorización do organismo autonómico consellería en materia de patrimonio cultural.
- Mediante a aplicación do Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, quedan protexidos os hórreos, "cabazos", "cabaceiros" e "canastros" de máis de 100 anos de antigüidade, e mediante o Decreto 571/1973, do 14 de marzo, os escudos, emblemas, pedras heráldicas, "cruceiros" e pezas similares de interese histórico - artístico de máis de 100 anos. Tendo a consideración de Bens de Interese Cultural pola disposición adicional segunda da Lei 16/85, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- No contorno de protección determinado pola Modificación Puntual para os bens individuais e conxuntos tradicionais catalogados, haberá que solicitar autorización a consellería competente en materia de patrimonio cultural para:
 - Todas as obras de nova edificación, construción ou instalación incluíndo as de carácter provisional, así como as de demolición.
 - Todas as obras (de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación ou ampliación) ou calquera outra intervención en edificacións existentes que se manifeste ao exterior (espazo público ou privado).
 - As intervencións sobre a estrutura parcelaria existente (agregacións ou segregacións), os elementos construtivos configuradores da paisaxe ou do espazo rural (peches, noiros,...) ou a topografía existente (movementos de terra).
 - Os proxectos de urbanización.
 - Os instrumentos de planeamento.
 - Aquelas actividades ou usos suxeitos a licenza municipal con incidencia sobre os bens protexidos.
 - As repoboacións forestais e as talas que pola superficie afectada teñan incidencia territorial.
 - Os bens e conxuntos tradicionais incluídos no Catálogo deste documento, non quedarán suxeitos ao réxime de fora de ordenación.

3.2.5.4 DEFINICIÓNS DAS OBRAS PERMITIDAS

- Conservación: Obras encamiñadas a cumprir coas obrigas da propiedade no que se refire ás condicións de ornato e hixiene na edificación. Non poden afectar á distribución interior, ás características formais nin á estrutura do edificio, non podendo ocasionar alteracións ou substitucións de calquera dos elementos estruturais ou de deseño deste.

- Restauración: Obras que teñen por obxecto a restitución dun edificio ou parte deste ao seu estado orixinal. A situación do estado orixinal debe de encontrarse suficientemente documentada. Poderase comprender, así mesmo, dentro das obras, aquelas complementarias que colaboren co anteriormente exposto. Inclúense dentro deste tipo de obras, entre outras análogas, as de eliminación de elementos estraños engadidos ás fachadas e cubertas dos edificios, a recuperación de cornixas e aeiros suprimidos en intervencións anteriores, a reposición de molduras e ornamentos eliminados nas fachadas, a recuperación das disposicións e ritmos orixinais de ocós e de revocaduras ou eliminación de falsos teitos e doutros engadidos.
- Consolidación: Obras que teñen por finalidade o afianzamento, reforzo ou substitución de elementos danados para asegurar a estabilidade do edificio, con posibles alteracións menores da súa estrutura. Respetarán a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente do edificio.
- Rehabilitación: Obras que pretenden mellorar as condicións de habitabilidade e accesibilidade, dun edificio ou parte deste, mediante a introdución de novas instalacións, a modernización das existentes ou a introdución de pequenas modificacións na distribución do seu espazo interior, sen intervir nas características morfolóxicas ou da estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio. Poderanse autorizar excepcionalmente e de xeito xustificable a apertura de novos ocós e a modificación dos existentes.
- Reestruturación: Actuacións de renovación e transformación en edificios inadecuados para un uso específico, polo seu grao de deterioración ou especiais deficiencias arquitectónicas e funcionais, que supoñan a modificación da configuración arquitectónica e a substitución dos elementos da súa estrutura, mantendo en calquera dos casos os elementos de cerramento que definan o volume e a forma do edificio. As devanditas obras, poderán comportar a substitución de elementos estruturais, así como as modificacións dos elementos determinantes de organización tipolóxica, como escaleiras ou patios, ou a redistribución dos espazos interiores.
- Ampliación: Actuacións encamiñadas á ampliación dun edificio existente, sen modificar as súas aliñacións viarias e os planos de fachada, mantendo ou non a tipoloxía estrutural.

3.2.5.5 NIVEIS DE PROTECCIÓN

- Integral: Permitiranse unicamente obras de conservación, restauración e consolidación. As obras de rehabilitación permitiránse sempre que non supoñan un risco a perda ou dano dos valores que motivaron a protección integral, preferentemente nos casos de actuacións necesarias para adecuar o edificio a usos dotacionais de carácter público e de xeito excepcional para o resto dos casos.
- Estructural: Permitiranse obras de conservación, restauración, consolidación e rehabilitación. As obras de reestruturación permitiránse de xeito excepcional e xustificable, limitadas aos elementos estritamente necesarios polo seu mal estado de conservación ou perda de funcionalidade, non podendo supoñer risco de perda ou dano dos valores que motivan a protección estrutural do ben protexido.
- Ambiental: Permitiranse obras de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación e reestruturación. As obras de ampliación permitiránse sempre que non produzan menoscabo nos valores a protexer nas edificacións e construcións o ámbito protexido. Non queda permitido a adición de novas plantas que difiran das existentes u orixinais.

3.2.5.6 CONTORNO DE PROTECCIÓN

Atenderase ó disposto no punto terceiro do artigo 12 do Decreto 232/2008, de 2 de Outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia. Os elementos integrados no contorno de protección dos bens individuais e conxuntos tradicionais catalogados, non son en si mesmos obxecto de protección patrimonial, pero en calquera caso, as intervencións que neles se produzan deberán supeditarse a protección dos bens protexidos culturalmente:

- Dentro do contorno de protección dos bens ou conxuntos tradicionais catalogados nesta Modificación Puntual, cumpriran as normas de harmonización paisaxística e tipolóxica establecidas en apartado específico da Ordenanza de Solo de Núcleo Rural Tradicional.
- Establécese unha ocupación pola edificación máxima do 40%, e unha edificabilidade máxima de 0,45 m²/m². Asemade, a ocupación en planta por volume de edificación non superará os 120 m². Estas normas rexerán excepto limitación superior establecida nesta normativa.

3.2.6 REGULACIÓN DO SISTEMA FERROVIARIO

3.2.6.1 MARCO NORMATIVO

Estarase ao cumprimento das disposicións establecidas na normativa sectorial vixente en materia de ferrocarrís, en particular, na Lei 38/2015, de 29 de setembro, do Sector Ferroviario, en diante denominada L38/2015.

O uso dos terreos destinados ao establecemento de infraestruturas de novas liñas ferroviarias, ampliación ou mellora das preexistentes, construción de pasos a distinto nivel, e os afectados por proxectos da conservación e reposición da liña ferroviaria e as súas instalacións, regularase segundo a normativa anteriormente citada.

3.2.6.2 DEFINICIÓNS

O Ámbito suxeito a Modificación Puntual está atravesado pola liña ferroviaria 06-800 León-A Coruña, de titularidade do ente público Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF).

3.2.6.2.1 INFRAESTRUTURA FERROVIARIA

Entenderase por infraestrutura ferroviaria a totalidade dos elementos que formen parte das vías principais, das de servizo e os ramais de desviación para particulares, coas excepcións establecidas respecto diso na L38/2015. Entre os devanditos elementos atópanse os terreos, as estacións, as terminais de carga, as obras civís, os pasos a nivel, as instalacións vinculadas á seguridade, ás telecomunicacións, á electrificación, á sinalización das liñas, á iluminación e á transformación e o transporte da enerxía eléctrica, os seus edificios anexos e calquera outros que regulamentariamente se determinen.

3.2.6.2.2 ZONA DE SERVIZO FERROVIARIO

A zona de servizo ferroviario corresponderá aos terreos necesarios para a execución de infraestruturas ferroviarias e para a realización das actividades propias do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), os destinados a tarefas complementarias daquelas e os espazos de reserva que garantan o desenvolvemento do servizo ferroviario.

3.2.6.2.3 ZONA DE DOMINIO PÚBLICO, ZONA DE PROTECCIÓN E LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN

A Modificación Puntual delimita solo clasificado de núcleo rural baixo uso característico residencial e encontre, ademais, consolidado pola edificación, nos termos establecidos pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Chan de Galicia e polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei anterior.

É polo anterior exposto, o ámbito residencial clasificado como solo de núcleo rural obxecto da Modificación Puntual, exclusivamente a efectos da aplicación da L38/2015 no que incumbe á zona de dominio público, zona de protección e liña límite de edificación, terá igual trato que zona ou solo urbano, por compartir con este último a condición de asentamento de poboación suxeito a un uso característico residencial e por estar consolidado pola edificación.

Zona de dominio público e zona de protección [art. 13 e 14 L38/2015]

Comprenden a zona de dominio público os terreos ocupados pola liña ferroviaria e unha franxa de terreo de 5 metros a cada lado da plataforma, medida en horizontal e perpendicularmente ao eixo da mesma, desde a aresta exterior da explanación.

A zona de protección da liña ferroviaria consiste nunha franxa de terreo a cada lado da mesma delimitada, interiormente, pola zona de dominio público e, exteriormente, por dúas liñas paralelas situadas a 8 metros das arestas exteriores da explanación.

A aresta exterior da explanación é a intersección do noiro do desmonte, do terraplén ou, no seu caso, dos muros de sostemento lindeiros co terreo natural.

Liña límite de edificación. A liña límite de edificación situarase a 20 metros da aresta exterior máis próxima da plataforma, medidos horizontalmente a partir da mesma.

3.2.6.3 DETERMINACIONS XERAIS

Velarase polo cumprimento das seguintes determinacións:

1. Nos terreos ocupados pola infraestrutura ferroviaria, como nas súas zonas de servizo, de dominio público e de protección, será de aplicación o disposto na normativa sectorial estatal en materia ferroviaria, en particular, na L38/2015.
2. A Modificación Puntual determina como Sistema Xeral Ferroviario os terreos ocupados pola infraestrutura ferroviaria e a súa zona de servizo ferroviario; non permitíndose nas mesmas, calquera determinación que impida ou perturbe o exercicio das competencias atribuídas ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF); no demais, cumprírase o establecido nos artigos 7 e 10 da L38/2015.
3. Para executar, nas zonas de dominio público e de protección da infraestrutura ferroviaria, calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambiar o destino das mesmas ou o tipo de actividade que se pode realizar nelas e plantar ou tallar árbores, requirírase a previa autorización do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF); iso, sen prexuízo das competencias doutras Administracións públicas. Nas devanditas zonas será de aplicación aplicarán as limitacións de propiedade e protección dispostas para o efecto nos artigos do 12 ao 18 da L38/2015 e demais normativa sectorial de aplicación en materia ferroviaria.
4. Calquera obra que leven a cabo na zona de dominio público e na zona de protección e que teñan por finalidade salvagardar paisaxes ou construcións ou limitar o ruído que provoca o tránsito pola liña ferroviaria, serán custeadas polos promotores das mesmas.

3.2.6.4 DETERMINACIONS PARTICULARES

- Sistema xeral ferroviario

Para o desenvolvemento de actuacións urbanísticas que afecten o sistema xeral ferroviario, deberá ser aprobado un plan especial ou instrumento equivalente, nos termos recolleitos respecto diso na L38/2015; a salvo actuacións puntuais necesarias e urxentes vinculados directamente ao funcionamento da infraestrutura ferroviaria.

Na zona de servizo ferroviario poderán realizarse obras de carácter industrial, comercial, almacéns e de servizos cuxa localización estea xustificada pola súa relación directa coa infraestrutura ferroviaria.

Cumpriranse as disposicións recollidas para as infraestruturas ferroviarias de interese xeral e zona de servizo ferroviario, na L38/2015.

- Zona de dominio público

Na zona de dominio público só poderán realizarse obras e instalacións, previa autorización do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), cando sexan necesarias para a prestación do servizo ferroviario ou cando a prestación dun servizo de interese xeral así o requira. Excepcionalmente e por causas debidamente xustificadas, poderá autorizarse o cruzamento da zona de dominio público, tanto aéreo como subterráneo, por obras e instalacións de interese privado.

En ningún caso autorizaranse obras ou instalacións que poidan afectar á seguridade da circulación ferroviaria, prexudiquen a infraestrutura ferroviaria ou impidan a súa adecuada explotación.

No demais estarase ao disposto no artigo 16 e a L38/2015.

- Zona de protección

Na zona de protección non poderán realizarse obras nin se permitirán máis usos que aqueles que sexan compatibles coa seguridade do tráfico ferroviario, previa autorización do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF); podendo este último, utilizar ou autorizar a utilización da zona de protección por razóns de interese xeral ou cando o requira o mellor servizo da liña ferroviaria, ou por razóns de seguridade do tráfico ferroviario.

Poderán realizarse cultivos agrícolas na zona de protección, sen necesidade de autorización previa, sempre que se garanta a correcta evacuación das augas de rega e non se causen prexuízos á explotación, quedando prohibida a queima de restollos.

Nas construcións e instalacións xa existentes poderán realizarse, exclusivamente, obras de reparación e mellora, sempre que non supoñan aumento de volume da construción e sen que o incremento de valor que aquelas comporten poida ser tido en conta a efectos expropiatorios. En todo caso, tales obras requirirán a previa autorización do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), o cal poderá establecer as condicións nas que deban ser realizadas, sen prexuízo dos demais permisos ou autorizacións que puidesen resultar necesarios en función da normativa aplicable.

No demais estarase ao disposto no artigo 16 da L38/2015.

- Liña límite de edificación

Ata a liña límite de edificación queda prohibido calquera tipo de obra de edificación, reconstrución ou de ampliación, fóra das que resulten imprescindibles para a conservación e mantemento das que existisen á entrada en vigor da L38/2015. Igualmente, queda prohibido o establecemento de novas liñas eléctricas de alta tensión dentro da superficie afectada pola liña límite de edificación.

No demais estarase ao disposto no artigo 15 da L38/2015.

Ribas de Sil, 21 de maio de 2021.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1497

O VICEDO

Anuncio

Aprobadas as rectificacións (RECT. V2019 - 01; RECT. V2019 - 02) do inventario de vías e camiños municipais pertencentes a este municipio mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2020, ábrese un período de exposición pública por prazo de vinte días hábiles, que se computarán a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que calquera interesado poida examinar o expediente na sede municipal e formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes.

Transcorrido o citado prazo sen que se presentaran reclamacións, entenderanse aprobadas definitivamente as devanditas revisións.

O Vicedo, 21 de maio de 2021.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1498

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/31962**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Jose Antonio González López

Nombre de la captación: 2 Pozos

Caudal solicitado: 0,0179 l/s

Punto de emplazamiento: Vilaravides, parroquia de Rosende (Santa Mariña)

Término Municipal y Provincia: O Saviñao (Lugo)

Destino: Riego

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza mediante 2 pozos de barrena en los que se colocan sendas tuberías por las que circulan las aguas hasta un depósito de almacenamiento desde el que parten las tuberías por la que circulan las aguas a las zonas a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de O Saviñao, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 18 de maio de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1499

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/06618

La Comunidad de Regantes Arroyo de Xermil-Preseiro Prado do Muiño solicita la modificación de características de la concesión de una novación de un aprovechamiento de 0,19 l/s en temporada de riego de agua del Arroyo de Xermil, m.i., en el lugar de A Condomiña, parroquia San Martín de Neira de Rei, término municipal de Baralla (Lugo) para riego de 0,9587 has de los Prados Pedreda

La captación se realiza en el arroyo Xermil, mediante un azud de mampostería de 1,3 m de altura, que permite la derivación de aguas hacia un canal que parte por la margen derecha para distribuir las aguas por la finca a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el

Ayuntamiento de Baralla, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 18 de maio de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1500

Anuncio

A/27/34532

COMISARÍA DE AGUAS

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

ANUNCIO DE COMPETENCIA DE PETICIONES

NOMBRE DEL PETICIONARIO: José Delgado Gómez

TIPO DE AUTORIZACIÓN: instalación de un pantalán en Dominio Público Hidráulico.

CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS: Río Miño (Embalse de Os Peares)

COORDENADAS UTM ETRS89 HUSO 29: x= 606.093 y= 4.709.404

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS: Pantón (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 - Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 20 de maio de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1501

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/31667

El Ayuntamiento de A Pastoriza, con C.I.F. P 2704400G, solicita autorización para efectuar obras dentro de la de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la construcción de una pasarela sobre el río Quintas en la parcela 100 del polígono 2, en la parroquia de Vián (Santa María), T.M. de A Pastoriza (Lugo)

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 21 de maio de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1502